

Valle-Inclán, lusófilo: documentos (1900-1936)

Autora: Rosário Mascato

1ª edición: decembro 2013
Através Editora

En *Valle-Inclán lusófilo: documentos (1900-1936)* Rosario Mascato Rey recupera, reúne e dá a coñecer datos, feitos e documentos relacionados no seu conxunto coa traxectoria de Ramón del Valle-Inclán e os seus posicionamentos sobre o mundo lusófono, nos ámbitos da literatura, a historia, a cultura ou a política, co fin de obter unha imaxe diacrónica da recepción da súa figura en Portugal.

Sen pretender dar respostas definitivas ás polémicas levantadas por Valle-Inclán nos xornais e revistas portuguesas da época, o libro ofrece unha primeira aproximación para o seu debate, exhumando as propias palabras do escritor, a través de cinco entrevistas descoñecidas para o grande público. Eses textos obríganos a reconducir o noso ollar para unha concepción máis ampla do que para Valle-Inclán significaba o “ser galego”.

A través da óptica que explica as súas actividades a favor dunha maior vinculación luso-hispana poderemos percibir con maior profundidade os motivos polos que foi maiormente admirado pola intelectualidade portuguesa do momento, que se ocupou de dar a coñecer a súa figura en Portugal, mesmo como Mestre literario e espiritual dunha xeración.

Rosario Mascato Rey.



Natural de O Grove e doutora en Filoloxía Hispánica, fai parte desde 1996 do GIVIUS (Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela), tendo publicado diversos traballos en revistas de recoñecido prestixio internacional sobre o autor arousano. Foi profesora das universidades de St. Andrews (Escocia), Clásica de Lisboa, Santiago de Compostela e Vigo.

Gañadora dos premios de investigación Valle-Inclán (2008) e Concepción Arenal (2012). A súa traxectoria científica está especializada no traballo coa prensa de inicios do século XX, e na importancia da mesma para a análise dos procesos de consagración e canonización no campo literario, tomando como caso de estudo a figura de Ramón del Valle-Inclán. A isto dedica na actualidade o seu labor como investigadora pos-doutoral da Universidade de Santiago de Compostela, mentres desenvolve unha estada científica en Portugal, onde colabora co CITCEM (Universidade do Porto), o IHC (Universidade Nova de Lisboa) e o CEHUM (Universidade do Minho).